

8M: Día Internacional da Muller Traballadora ACTIVISTAS DO RURAL

OBXECTIVOS

- Pór en valor as achegas das mulleres no traballo labrego, nas loitas agrarias, no ecofeminismo e na defensa da terra.
- Coñecer a figura de activistas cuxas accións provocaron avances para as mulleres (e as sociedades) rurais en todo o mundo.

FINALIDADE

- Coñecer as figuras das activistas a partir da actividade xeral (corredor principal do centro) e daquelas que queira promover o profesorado nas aulas.

NO CORREDOR

1. EXPOSICIÓN DE FONDOS DOCUMENTAIS DA BIBLIOTECA.

Na exposición estarán marcadas aquelas obras en que aparecen reflectidas as activistas utilizadas no xogo.

2. DOMINÓ DAS ACTIVISTAS RURAIS

Elaboramos un xogo de dominó (do que achegamos noutro documento as fichas) que recolle foto, nome e datos de sete activistas ou grupos de activistas importantes para o mundo rural. Representan mulleres e problemas de 4 dos continentes (quedounos fóra Oceanía). O xogo segue o sistema do dominó: partir cunha ficha dobre, e ir colocando se

se conta con outra que encaixe.

Teremos unha versión en grande para xogar na parede da paixase do 25N (usando a parede como “mesa” de xogo, colocando as fichas con chinchetas). Se queredes xogar nas aulas, podedes usar a versión que vos enviamos, mini.

NAS AULAS

1. COÑECE as ACTIVISTAS

Se partides do xogo do dominó e o voso alumnado ten curiosidade por saber das mulleres que aparecen nel, ademais de investigalas, ou tirar dos fondos da expo, podedes contar con estes recursos na rede. Reparade en que hai versións para as diferentes etapas:

Wangari Maathai: resumo animado da súa actividade: <https://www.youtube.com/watch?v=DNEyQ629tUc&t=79s>

Wangari Maathai: especial de Los Lunnis: <https://www.youtube.com/watch?v=DNEyQ629tUc&t=79s>

Rigoberta Menchú, curtamentaxe de animación que conta a súa vida: <https://www.youtube.com/watch?v=dmJasyB5liw>

Rachel Carson, especial de Los Lunnis: <https://www.youtube.com/watch?v=ALnYf6f9UIM>

Rachel Carson, curtamentaxe animada que explica o seu traballo: <https://www.youtube.com/watch?v=ULV018cz8pI>

Rachel Carson: <https://www.youtube.com/watch?v=sOvPQcSnwnU>

Revolta de las **mujeres igbo:** <https://www.youtube.com/watch?v=wKMaPM-Spzs>

Lakota Cheryl: <https://democratanortedemexico.com/2017/02/19/cheryl-angel-lider-indigena-lakota-sioux-protectora-del-agua-visita-mexico/>

Entrevista a Vandana Shiva: <https://elpais.com/eps/2022-07-23/vandana-shiva-la-comida-es-demasiado-importante-para-dejarla-en-manos-de-millonarios.html>

Vídeo en que **Vandana Shiva explica o seu traballo** de recollida de sementes para manter a biodiversidade: <https://www.youtube.com/watch?v=jwzNqy-hd6Y>

Berta Cáceres: discurso de aceptación do Premio Goldman: <https://www.youtube.com/watch?v=AR1kwx8b0ms>

Berta Cáceres, a condea aos seus asasinados: <https://www.youtube.com/watch?v=svm3-dfkCy4>

María del Carmen Fleytas, curtamentaxe de animación que conta do seu traballo:

https://www.youtube.com/watch?v=oYrkJQ7fC5Y&list=PL1R-s1dPamy2jluCni_f_kt5eMfA0xiku&index=11

Lidia Senra, sindicalista labrega galega:

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/economia/2007/10/04/lidia-senra-deja-18-anos-sindicalismo/0003_6197228.htm

Lidia Senra: vídeo de dez minutos en que explica como traballa a súa explotación agroecolóxica: <https://www.youtube.com/watch?v=Q28LTCvZ53s>

A loita das traballadoras migrantes en Almería: <https://www.galde.eu/eu/resistencia-migrante-la-lucha-de-las-trabajadoras-agricolas-de-almeria/>

Vidas invisibles: mujeres migrantes bajo el plástico, documental de 25 minutos sobre las condiciones laborales en la industria agrícola de Almería: <https://youtu.be/B7cX2poReXo>

SOBRE AS CONDICIÓNS DE TRABALLO DAS LABREGAS EN XERAL:

***Ruralitas: ganadera gallega**. Reportaxe de La2 sobre a empresa Milhulloa: <https://youtu.be/DsG7mUF3SSw>

***Rural es feminista**: Curtametraxe de 8 minutos sobre as mulleres do rural. Breve e dinámico: <https://youtu.be/EbY4TVd4mTs>

***Ellas alimentan el mundo**: tres historias de tres labregas e as discriminacións que sofren: <https://latfem.org/ellas-alimentan-al-mundo/>

Reportaje en EL SALTO sobre o informe da web anterior:

<https://www.elsaltodiario.com/soberania-alimentaria/propiedad-desigualdad-ellas-alimentan-mundo-pero-tierra-ellos>

Sobre soberanía alimentaria e feminismo: [https://derechoalimentacion.org/sites/default/files/pdf-documentos/Soberania alimentaria perspectiva feminista - Esther Vivas.pdf](https://derechoalimentacion.org/sites/default/files/pdf-documentos/Soberania_alimentaria_perspectiva_feminista_-_Esther_Vivas.pdf)

Vía Campesina: web do movemento labrego internacional que defende os dereitos do rural (o Sindicato Labrego Galego está representado nel). Podemos ler novas sobre as loitas labregas, moitas levadas a cabo por mulleres, en moitos lugares do planeta:

<https://viacampesina.org/es/llamado-de-accion-8-de-marzo-2023-dia-internacional-de-lucha-de-las-mujeres-trabajadoras-la-via-campesina/>

Un Podcast y una playlist sobre feminismos rurales: <https://www.pikaramagazine.com/2018/06/mujeres-entorno-rural/>

Situación desigual das labregas: <https://www.pikaramagazine.com/2018/06/mujeres-entorno-rural/>

Mulleres e soberanía alimentar: [https://derechoalimentacion.org/sites/default/files/pdf-documentos/Soberania alimentaria perspectiva feminista - Esther Vivas.pdf](https://derechoalimentacion.org/sites/default/files/pdf-documentos/Soberania_alimentaria_perspectiva_feminista_-_Esther_Vivas.pdf)

2. ACTIVIDADES DE AULA.

Ademais da lectura e traballo cos materiais anteriores e os da exposición de fondos, suxerimos as seguintes propostas:

2.1. Xan

Podemos ler o poema de Rosalía de Castro XAN e mesmo escoitar a versión de Quenpallou ou Uxía: <http://sondepoetas.blogspot.com/2010/11/xan-rosalia-de-castro.html>

Quempallou: <https://www.youtube.com/watch?v=q2OyL-Hzwvk>

Uxía: <https://www.youtube.com/watch?v=5hihnCDHcBA>

Partindo del, podemos facer unha listaxe de tarefas nunha casa de aldea e marcar de cales se encargan os homes, de cales as mulleres, cales son neutras. Podemos analizar se o que narra Rosalía (en modo irónico) continúa a estar vixente ou mudou.

2.2. Nyéléni.

O [Movemento Internacional pola Soberanía Alimentaria](#) leva por nome Nyéléni, recollendo o nome dunha lendaria muller malinense a quen se atribúe a creación de dous cereais básicos na alimentación da África Occidental.

Podemos ler o mito e elaborar a nosa versión en banda deseñada, kamishibai ou ilustrada. Cales serían as “competicións agrícolas” das que fala o conto?

«Nyéléni era filla única, o que na súa aldea era considerado unha maldición.

Nyéléni, nena e filla única de seu pai e súa nai, sufriu na mocidade todas as ofensas das que eles foron obxecto pola súa causa. Concebiu en segredo a idea de lavar as afrontas que os homes lle causarían gañándolles no seu propio terreo, é dicir, na agricultura e os traballos do campo.

A todo pretendente lle repetía incansablemente que o matrimonio podía agardar, que antes ela tiña unha misión que cumprir, como homenaxe á súa familia e a todas as mulleres, e que esa era a súa prioridade.

Nas competicións agrícolas Nyéléni superaba a todos os campeóns, a homes reputados na súa aldea e nas da redonda. A súa reputación ía crescendo. Os homes máis garridos desafiaba á campioa día tras día, e para desgraza deles, acababan sempre batidos.

A reputación de Nyéléni extendíase alén da súa rexión, converténdose nun mito vivinte. O seu renome crecía e ela era respectada. Conta a lenda que foi na estación das chuvias cando domesticou o *fonio*, o cereal máis importante de Mali. Tamén é grazas a Nyéléni que existe unha variedade de millo-miúdo chamada *samio*.

O pai de Nyéléni chamábase Nianso, a súa nai Saucra, e era orixinaria de Siracoro.

Esta é a historia de Nyéléni.

2.3. Árbores no deserto.

Podemos visionar o vídeo-poema de Rosalía Fernández Rial, *Árbores no Deserto*, protagonizado por labregas (o libro está na exposición do corredor):

<https://youtu.be/BMQORopQBf0>

Podemos transformar o poema ou escribir o noso propio texto sobre as mulleres e os labores do campo, sexa poesía, sexa narrativa, sexa teatro.

2.4. Historia de vida

Partido deste artigo da poeta Olga Novo sobre a súa nai, labrega, podemos escribir as historias de vida de mulleres da nosa contorna ou familia que se teñan adicado ao agro: *Así pois, eu non son filla de Xea, nin de Deméter, nin das Matres Galaicas, por moi amadas que sexan para min tales representacións das potencias simbólicas maternas. Eu son filla de Olga Presa Rodríguez, a última filla do José e da Carmiña de Venas, do lugar d'A Pousa, en Saa. Desa muller concreta e material, única no mundo, veño eu:* <https://luzes.gal/06/02/2020/autores-web/olga-novo/os-ollos-da-mina-nai/>

2.5. Se te quixen foi polos grelos:

Podemos visionar o vídeo musical de Timparrantela e aprendermos a música:

<https://youtu.be/6CqDrwfDqjc>

2.6. Nunha aldea.

Podemos visionar o vídeo musical de Catuxa Salom e aprendermos a música:

https://youtu.be/8Yak4ugmp_Q

2.7. Seghadoras.

Podemos visionar o vídeo musical de Tanxugueiras e aprendermos a música:

<https://youtu.be/UZm-cgaotsw>.

Como tira das coplas tradicionais, podemos inventar novas coplas con outros labores agrícolas.

2.8. Aña de Toutón.

Podemos visionar este vídeo e aprendermos a Aña de Toutón cos sachos da horta:

https://www.youtube.com/watch?v=A_fkvckB4-o (aquí a versión de Xacarandaina -min. 3.-

: <https://www.youtube.com/watch?v=wBOcS3zs8W4>)